

buscamos nova sede
para o ceesg

novembro

Nº 10 | Novembro 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

BUSCAMOS NOVA SEDE

Como saberedes as colexiadas e colexiados que estivestes algunha vez nas oficinas do colexio, **as nosas instalacións actuais son moi antigas, non teñen acceso adaptado para persoas con discapacidade e atópanse nun estado bastante deficiente.**

É por iso que dende hai moito tempo o CEESG está intentando arranxar esta situación **buscando un local en Santiago** ou arredores onde ubicar definitivamente a súa sede.

Ao longo destes anos no CEESG puidemos recabar un fondo económico grazas a diversas actuacións especiais e puntuais, como foron a campaña de habilitación realizada durante o 2001 e 2002, e a celebración do IV Congreso Estatal de Educadoras e Educadores Sociais no 2004.

Neste momento contamos con preto de 20 millóns das antigas pesetas que, tanto a primeira Xunta de Goberno como a actual, pensou que sería unha boa entrada para a adquisición dun local propio.

Ter un local propio supón poder contar con instalacións axeitadas para o noso colectivo (oficinas, biblioteca, aula de formación propia...). Isto daríanos maior independencia para a organización de cursos formativos, por exemplo, ou facilitar espazos máis axeitados tanto para as nosas traballadoras como para todas/os as/os colexiadas/os.

Agora ben, a pesares de levar anos na procura dun baixo que nos permitise mudarnos e contar

con aula de formación, resulta realmente complexo encontrar en Santiago locais de máis de 150 metros cadrados por un prezo que o CEESG poida asumir.

Pero neste momento, podemos dicir que a adquisición dun local está moito mais próxima xa que localizamos dous baixos que encaixan nas condicións económicas que podemos asumir e que contan coas características técnicas e de espazo que precisamos.

Neste momento estamos decidindo cal deles pode ser o máis axeitado, así como realizando xestións diversas neste sentido (procura de financiamento adicional nas obras sociais, solicitude de hipotecas vantaxosas, etc.).

Dende o colexio, dada a importancia deste posible cambio, queremos darvos a coñecer esta información a todas/os as/os colexiadas/os. Os que esteades interesados en coñecer máis en profundidade as opcións que temos, ou incluso suxerir outros posibles locais dos que non teñamos coñecemento, rogamos vos poñades en contacto co CEESG.

Como imaxinaredes, a adquisición do local realizaríase en breve, xa que o mercado inmobiliario non espera por ninguén, polo que a toma de decisión debe realizarse o antes posible para evitar quedarnos sen ningún dos locais, polo que rogamos que calquera cuestión sobre o particular se realice nas próximas datas.

M^a José Fernández Barreiro
Presidenta do CEESG

ACTUACIONES REALIZADAS

- ✓ Participación no I Foro de Empleo organizado pola Universidade de Santiago de Compostela os días 14 e 15 de novembro. O CEESG participou coa presenza de M^a José Fernández, Presidenta do CEESG, nunha mesa redonda “O Colexio Profesional: un recurso de utilidade na busca de emprego”. Ademais, estivo presente nun stand atendido pola Vogal do colexio María José Caride, no que se ofreceu información sobre o CEESG e a súa actividade.
- ✓ Envío de escrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, á Secretaría Xeral de Igualdade e ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, facendo ver a postura do colexio en relación ás prazas de “Técnico/a de Intervención Familiar” convocadas recentemente polo Consorcio, expoñendo que o perfil profesional axeitado para o desenvolvemento destas funcións é o das educadoras e educadores sociais.
- ✓ Presentación do CEESG aos estudantes de terceiro curso da Universidade de Santiago de Compostela, que tivo lugar o día 20 de novembro na Facultade de Ciencias da Educación.
- ✓ Xuntanza dos membros do que será o Observatorio de Infancia (pendente de creación oficial), para debater sobre o decreto de creación desta institución e sobre a composición específica dos órganos da mesma. Tivo lugar o día 21 de novembro, convocada pola Secretaría Xeral do Benestar. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed, Vogal do CEESG. O representante do noso colexio formará parte da Comisión Permanente desta institución.
- ✓ Escrito ao Concello de Meaño, en relación á praza de Educador/a de Rúa, convocada por resolución da alcaldía de 2 de novembro e publicada no taboleiro de anuncios do concello, expoñendo que o perfil profesional axeitado para desenvolver as funcións dun/ha educador/a de rúa é o das educadoras e educadores sociais.
- ✓ Asistencia ao acto de entrega do premio “Eu tamén navegar. Para unha Galiza sen violencia de xénero”, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 24 de novembro. Asistiu Sofía Riveiro Olveira, Vogal do CEESG.
- ✓ Asistencia á reunión da Comisión de Condicións Profesionais e Sociolaborais de Asedes, que tivo lugar o día 24 de novembro en Zaragoza. Asistiu Pilar Cañas, Vogal do CEESG.
- ✓ Recepción de propostas sobre actuacións e medidas a plantexar á administración pública en relación co traballo das educadoras e educadores sociais no ámbito da Educación Especial. Para isto, convocouse un encontro o día 24 de novembro, que tivo lugar en Ourense.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases aprobadas polo concello de Cabanas para a contratación laboral temporal mediante contrato de interinidade de animador cultural e actividades recreativas, publicadas no xornal *La Voz de Galicia* de 3 de novembro de 2007. Solicítase que se estableza como requisito estar en posesión do título de diplomado en Educación Social ou estar habilitado polo CEESG.
- ✓ Recurso de reposición contra a convocatoria e bases reguladoras aprobadas polo concello de Ferrol para a selección dunha/dun Diplomada/o en Educación Social ao abeiro do Plan de Inclusión Social, publicadas no xornal *La Voz de Galicia* e no xornal *Diario de Ferrol* de data 24 de outubro de 2007. Solicítase que se estableza como requisito estar en posesión do título de diplomado en Educación Social ou estar habilitado polo CEESG.
- ✓ Acordo co **Gabinete de Psicología Andares**, polo que ofrece un **desconto do 20%** ás colexiadas e colexiados do CEESG nos servizos de psicoterapia. A tarifa ordinaria actual por sesión é de 50 €, sendo para os membros do CEESG de 40 €. Contacto: 986 272 202. andares@andarespsicologia.com. Avda. Gregorio Espino, 17, 2-B 36205 Vigo (Pontevedra)

NOVAS PUBLICACIONES DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Xornal “Infoxove” N^o 19. Novembro 2007. Xunta de Galicia
- Revista “Perfiles”. N^o 235. Novembro 2007. ONCE
- Revista “En la calle”. N^o 8. Outubro-diciembre 2007. Fundación Juan Soñador.
- *Actas: II Encuentro estatal de educadores sociales – familiares*. Zaragoza. 1990. Asociación Profesional de Educadores Especializados de Aragón.
- SÁEZ CARRERAS, J. (coord.) (2007): *Pedagogía Social y educación social. Historia, profesión y competencias*. (inclúe só presentación e bibliografía)
- *Documentos profesionalizadores. Definición de Educación Social. Código Deontolóxico del educador y la educadora social. Catálogo de Funciones y Competencias de la educadora y el educador social*. Asociación Estatal de Educación Social – Asedes. 2007. Publicación dispoñible en formato pdf a través da web www.colexioeducadores.com.
- Boletín “Gizaberrri”. N^o 46. Xullo 2007. Colegio de Educadoras y Educadores Sociales del País Vasco.
- “Full informatiu del CEESG”. N^o 40. Xullo 2007. Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya.
- Revista “Lembrando”. N^o 1. Setembro 2007.
- *Documento para la creación del Colegio Oficial de Educadoras y Educadores Sociales de Navarra*. Asociación Profesional de Educadores Sociales de Navarra. Marzo 2007.
- Xornal “Entre Mayores”. N^o 73. Novembro 2007.

ARTIGO DE INTERESE: DOCUMENTOS PROFESIONALIZADORES

Debemos celebrar que xa poidamos ter nas nosas mans este importante documento que é froito dun proceso participativo no que tomaron parte os Colexios e Asociacións profesionais e que contribúe sen dúbida ao desenvolvemento profesional da Educación Social.

É obvia a importancia dun documento destas características para establecer un marco conceptual e operativo que delimite a nosa actuación profesional, así como a argumentación e fundamentación básica dos servizos que ofrecemos á cidadanía e os espazos profesionais que nos son propios fronte a outros perfís profesionais.

Deste xeito, a profesión conta xa con tres documentos fundamentais que definen a profesión e o facer dos profesionais da Educación Social: **Definición da Educación Social, Código Deontolóxico e Catálogo de Funcións e Competencias**.

Estes documentos son á par unha **ferramenta fundamental** para o desenvolvemento da nosa profesión e un **instrumento de exposición do noso quefacer** cotián e das responsabilidades exclusivas do noso perfil profesional.

É fundamental o seu coñecemento e a súa difusión entre educadoras e educadores e o resto de profesionais cos que compartimos as nosas tarefas cotiás, así como a posta en coñecemento a outras institucións como a Administración, a Universidade, etc.

Hai que sinalar que o Código Deontolóxico que se recolle nesta publicación ten modificacións respecto do aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do noso colexio en maio de 2004. O documento vixente para o CEESG segue sendo a versión anterior, ata que non sexa ratificada a proposta actual en Asemblea xeral, o que está previsto para o ano 2008.

Estes documentos poden ser consultados na sección Avisos da web www.colexioeducadores.com.

BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS/AS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

Convoca: Secretaría Xeral de Relacións Exteriores. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Contido: Con esta medida preténdese apoiar a **formación de persoas expertas en cooperación internacional**, complementando a formación académica do persoal titulado universitario con estadias na Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela, e nos proxectos que, co apoio do Goberno galego, se executen nos países prioritarios da cooperación galega, así como nas Oficinas Técnicas de Cooperación (OTC) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) e por primeira vez nas oficinas en terreo da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) e o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM).

Máis información: DOG do 23 de novembro de 2007. / www.cooperaciongalega.org

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS

IV XORNADA SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL PROGRAMAS E EXPERIENCIAS INTERXERACIONAIS

Organiza: Grupo de Estudos e Intervención Xerontolóxica do CEESG

Data: Venres, 18 de Xaneiro de 2008

Lugar: Santiago de Compostela

Programa provisional:

- 9:00-9:30: **Apertura e entrega de material.**
- 9:30-10:00: **Inauguración.**
- 10:00-11:30: **Conferencia Inaugural:** Versará sobre a Rede Interxeracional do IMSERSO.
- 11:30-12:00: **Pausa – café**
- 12:00-14:00: **Mesa redonda: “Experiencias interxeracionais I”.**
- 16:30-18:00: **Mesa redonda: “Experiencias interxeracionais II”.**
- 18:00-18:30: **Pausa-café.**
- 18:30-20:00: **Conferencia de Clausura:** Versará sobre o “Archivo de la Experiencia”.
- 20:00-20:30: **Clausura.**

NOVAS DOS BOLETINS

EMPREGO

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público para o ano 2007. Persoal laboral (entidade local): Un posto de Técnico de Emprego. Persoal laboral (Organismo autónomo Terra de Sanxenxo): un posto de Educación Familiar, tres postos de Mestre/a de educación de adultos, un posto de Técnico/a en cultura, un posto de Técnico/a en educación, un posto de Coordinador/a da Ludoteca, dous postos de Ludoteca, un posto de Técnico/a de emprego, tres postos de Animador/a Sociocultural.

OUTROS

Ministerio de Educación e Ciencia: Real Decreto 1339/2007, de 11 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 168/2004, de 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título de Diplomado en Educación Social establecido por Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto. BOE de 01/11/2007

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 24 de outubro de 2007 pola que se regulan as axudas para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia e se procede á súa convocatoria. DOG de 07/11/07

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Convenio de colaboración entre o Ministerio e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de proxectos de intervención social integral para a atención, prevención da marxinación e inserción do pobo xitano. BOE de 14/11/2007

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento. DOG de 23/11/2007

Ministerio de Cultura: Resolución pola que se convocan axudas correspondentes ao ano 2008. BOE de 26/11/2007

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 12 de novembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria da segunda edición do premio Eu tamén navegar: para unha Galicia sen violencia de xénero. DOG de 27/11/2007



Recorda: A información que non pode ser incluída neste boletín por ter un prazo demasiado breve, podes recibila no teu correo electrónico a través do servizo **AVISOS ON-LINE**. Para darte de alta só tes que rexistrarte na web www.colexioeducadores.com. Rexistrándote tamén poderás solicitar a creación dunha conta de correo electrónico co dominio ceesg.org.